

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** ADXUDICACIÓN CONTRATO MIXTO SUBMINISTRO-OBRA AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS. SB-1/2024

**EXPEDIENTE:** 2024/G003/001158

Vista a subvención concedida pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a Concellos de Galicia para o ano 2024 (PR486A), para AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS, cun orzamento con IVE que ascende a corenta e oito mil trescentos oitenta e sete euros con noventa céntimos de euro (48.387,90 €), financiado na cantidade de trinta e tres mil oitocentos setenta e un euros con cincuenta e tres céntimos (33.871,53 €), con cargo á referida subvención.

Vista a Memoria valorada de AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS redactada polo Enxeñeiro Técnico Industrial José Ignacio Miguélez Penas, cuxo importe ascende a corenta e oito mil trescentos oitenta e sete euros con noventa céntimos de euro (48.387,90 €).

Vista a Resolución da Alcaldía de 27 de xuño de 2024 (Res 799/2024), pola que se acorda aprobar o expediente de contratación (Núm. SB-1/2024), aprobar o prego, aprobar o gasto e proceder á apertura do procedemento de adxudicación publicando o anuncio de licitación correspondente.

Considerando que, tal e como consta no expediente, publicado o anuncio na Plataforma de contratos do sector público en data 27 de xuño de 2024, presentáronse á licitación as seguintes empresas:

GAROCAPRIM S.L.

INSTALACIONES BAHIA PARK S.L.

LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.

OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L

## URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L.

Considerando que a mesa de contratación, na sesión celebrada o 22 de xullo de 2024, procedeu ao “acto de apertura *oferta criterios cuantificables automáticamente*” e “acto de valoración oferta criterios cuantificables económicamente” .

Considerando que a mesa de contratación na sesión indicada de 22 de xullo de 2024, visto o arriba indicado acordou admitir á licitación ás empresas presentadas, cuxas ofertas son as seguintes:

<b>LICITADOR</b>	<b>IMPORTE OFERTADO SEN IVE</b>	<b>REDUCCIÓN DE PRAZO ENTREGA</b>
GAROCAPRIM S.L.	33.591,60	Reduce 2 días
INSTALACIONES BAHIA PARK S.L.	38.500,00	Non reduce
LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.	35.377,20	Reduce 10 días
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L	38.953,00	Reduce 10 días
URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L.	38.651,71	Reduce 10 días

Considerando que na sesión celebrada o 22 de xullo de 2024, a mesa de contratación acordou requirir aos seguintes licitadores para que no prazo de cinco días hábiles, a contar desde a data da comunicación, xustificasen as razóns que lle permiten prestar o servizo nas condicións ofertadas, de acordo coa cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 149 da LCSP:

GAROCAPRIM S.L.

LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.

Considerando que na sesión celebrada o 9 de agosto, a mesa de contratación propuxo a exclusión de GAROCAPRIM S.L. e LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L, por non ter xustificadamente a incursión en baixa da súa oferta, segundo se desprende do informe técnico de data 08/08/2024.

Na mesma sesión a mesa valorou as ofertas e acordou clasificar ás empresas de acordo coa valoración realizada, outorgando as puntuacións que a continuación se indican ás empresas licitadoras admitidas e non excluídas no procedemento, ordenándoas de xeito decrecente en función da puntuación obtida:

LICITADOR	IMPORTE OFERTADO SEN IVE	REDUCCIÓN DE PRAZO ENTREGA	PUNTUACION PREZO	PUNTUACION REDUCCION PRAZO	TOTAL
URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L.	38.651,71	Reduce 10 días	55,93	15	70,93
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L	38.953,00	Reduce 10 días	55,92	15	70,92
INSTALACIONES BAHIA PARK S.L.	38.500,00	Non reduce	56,80	0	56,80

Na mesma sesión do 9 de agosto fórmulouse proposta de adxudicación do SUBMINISTRO-OBRA AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS. SB-1/2024, á empresa URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., con CIF.- B44952430 e enderezo no municipio de Lalín, rúa Avda. Xosé Cuíña, Nº 8, 4ºD, provincia Pontevedra, ao tratarse da empresa licitadora non excluída que obtivo maior puntuación no procedemento e cuxa oferta é a seguinte:

- Oferta económica: 38.651,71 €+8.116,86 €= 46.768,57 €
- Prazo de entrega: 20 días dende a formalización do contrato (redución do prazo en 10 días)

Vista a documentación aportada polo licitador URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., con CIF.- B44952430, en data 20 de agosto de 2024, entre a que consta o documento de constitución da garantía definitiva, por importe de 1.932,59 €, mediante aval inscrito en data 12 de agosto de 2024 no Rexistro Especial de Avais co número 56.146, Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S. G. R.).

Visto o informe de Intervención de data 9 de setembro de 2024.

Considerando que é competencia desta Alcaldía a adopción deste acordo, segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda da LCSP en relación coa Resolución da Alcaldía núm. 783/2023, do 27 de xuño de 2023, ao abeiro do disposto no artigo 159 da LCSP,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.**- Declarar válida a licitación, admitindo aos licitadores presentados:

GAROCAPRIM S.L.

INSTALACIONES BAHIA PARK S.L.

LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.

OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L

URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L.

**Segundo.**- Adxudicar o contrato para SUBMINISTRO-OBRA AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS. SB-1/2024, á empresa URBANISMO TECNICO SOSTENIBLE, S.L., con CIF.- B44952430 e enderezo en no municipio de Lalín, rúa Avda. Xosé Cuíña, Nº 8, 4ºD, provincia Pontevedra, ao tratarse da empresa licitadora non excluída que obtivo maior puntuación no procedemento e cuxa oferta é a seguinte:

- Oferta económica: 38.651,71 €+8.116,86 €= 46.768,57 €
- Prazo de entrega: 20 días dende a formalización do contrato (redución do prazo en 10 días)

Deberá cumprimentar todas as obrigas de publicidade previstas nos pregos.

**Terceiro.**- Dispoñer o gasto correspondente, con cargo á partida orzamentaria 171/619.00 do estado de gastos do orzamento municipal vixente.

**Cuarto.**- Fixar o prazo de execución do contrato en 20 (vinte) días, contados a partir do seguinte á sinatura do contrato, respectando en todo caso os prazos previstos no PCAP: deberá estar instalado e recepcionado antes do 20 de outubro de 2024.

**Quinto.**- Nomear responsable do contrato ao arquitecto municipal Ignacio Soto González, sendo a unidade encargada do seguimento do contrato o Departamento de Urbanismo do Concello de Teo.

**Sexto.**- Notificar o acordo de adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios, sinalándolles os recursos procedentes, dando traslado do mesmo ao servizo de Intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos, e publicar anuncio de adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días

**Sétimo.**- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria, citándoa para a formalización do contrato en documento administrativo, que terá lugar dentro do prazo de quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación e publicar anuncio de formalización no perfil do contratante no prazo de 15 días desde a perfección do contrato.

**Oitavo.**- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público.

**Noveno.**- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,

A secretaria xeral, que dou fe

Lucía Calvo de la Uz

Virginia Fraga Díaz